

## 01. PERSOAL LABORAL FIXO

Código	Denominación Posto	Dot.	Vincul.	Pro.	Grup.	Escala	Tp	Cd	Ce	Titulación Académica	Requisitos Específicos	Observacións
01.01	Traballador/a social	1	LAB.F	C	II	AE	NS	22	7.186,23	Diplomado/a		
01.02	Educador/a social	1	LAB.F	C	II	AE	NS	22	7.186,23	Diplomado/a		
01.03	Axente de emprego e desenvolvemento local	1	LAB.F	C	II	AE	NS	22	7.283,34	Diplomado/a		
01.04	Aparellador/a	1	LAB.F	C	II	AE	NS	22	10.196,68	Diplomado/a		
01.05	Ordenanza instalacións municipais	1	LAB.F	C	V	AG	NS	12	3.690,23	Sen titulación		
01.06	Limpiador/a	2	LAB.F	C	V	AE	NS	12	3.690,23	Sen titulación		Xornada partida
01.07	Operario/a saneamento augas	2	LAB.F	C	V	AE	NS	13	7.574,67	Sen titulación	Carné B	Localización 24h
01.08	Operario/a servizos varios	3	LAB.F	C	V	AE	NS	13	5.244,00	Sen titulación	Carné B	Especial dispoñibilidade
01.09	Operario conductor/a	1	LAB.F	C	V	AE	NS	13	5.341,12	Sen titulación	Carné C	Especial dispoñibilidade
01.10	Informador/a xuvenil / coordinador/a sociocultural	1	LAB.F	C	II	AE	NS	22	7.768,90	Diplomado/a		Especial dispoñibilidade
01.11	Dinamizador/a cultural	1	LAB.F	C	II	AE	NS	18	6.992,01	Diplomado/a		
01.12	Encargado/a Biblioteca	1	LAB.F	C	III	AE	NS	18	4.758,45	Bacharelato ou tecnico		Xornada de tarde

## 02. PERSOAL EVENTUAL

Código	Denominación Posto	Dot.	Vin.	Pro.	Grup.	Escala	Tp	Cd	Ce	Titulación Académica	Requisitos Específicos	Observacións
02.01	Administra. Gabinete Alcaldía	1	EVENTUAL	L.D	III	AE	E	18	5.923,78		Bacharelato ou tecnico	

DOT: DOTACIÓN

VINCUL.: VINCULACIÓN: FUN: FUNCIONARIO; LAB.F:PERSONAL LABORAL FIJO

PRO.: PROVISION: C:CONCURSO LD:LIBRE DESIGNACIÓN

GRUPO\*: Segundo á clasificación da Lei 7/2007 (A1, A2, C1, C2, AP)

ESCALA: AX: ADMÓN XERAL, AE: ADMÓN ESPECIAL, HN: HABILITADO NACIONAL

TP: TIPO POSTO (S: SINGULARIZADO; NS: NON SINGULARIZADO, E: EVENTUAL)

CD: COMPLEMENTO DESTINO

CE: COMPLEMENTO ESPECÍFICO

OBSERVACIÓNS: Tipo de xornada, dedicación.

Ponte Caldelas, a 23 de abril de 2013.— O Alcalde, Perfecto Rodríguez Muíños.

2013003794

\* \* \*

## PONTEAREAS

## A N U N C I O

Non téndose formulado reclamacións contra os acordos de aprobación provisional adoptados polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 19-02-13, elévanse a definitivos os citados acordos relativos á “Modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa por instalación de postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atraccións ou recreo, situados en terreo de uso público municipal, así como industrias na rúa e ambulantes e rodaxe cinematográfica”; Modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa por expedición de documentos”; Modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa por actividades de servizo de prerrecollida, recollida e tratamento de lixo”; Modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa pola obtención de copias e fotocopias; e, “Modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa por entrada de vehículos a través de beirarrúas e reservas da vía pública para aparcamento exclusivo, parada de vehículos, carga e descarga de mercaderías de calquera clase”, cuíus téxtos íntegros son os seguintes:

**MODIFICACION DA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLA INSTALACION DE POSTOS, BARRACAS, CASETAS DE VENDA, ESPECTACULOS, ATRACCIONS OU RECREO, SITUADOS EN TERREO DE USO PUBLICO MUNICIPAL, ASI COMO INDUSTRIAS NA RUA E AMBULANTES E RODAXE CINEMATOGRAFICA.**

“No artigo 1 queda redactado como sigue:

## ARTIGO 1.— FUNDAMENTO E NATUREZA

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos

15 a 19 do R.D.L. 2/2004, de 5 de Marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, tendo en conta o disposto na Lei 10/1998, de Ordenación do Comercio interior de Galicia e Decreto 204/2001, do 26 de xullo, de ordenación da venda ambulante, este Concello establece a Taxa por postos, barracas, casetas de venda, espectáculo ou atraccións situados en terreos de uso público e industrias ruantes e ambulantes, e rodaxe cinematográfica, que se rexerá pola presente Ordenación Fiscal, que nas súas normas atende ó previsto no artigo 57 do citado R.D.L. 2/2004.

No artigo 2 queda redactado como segue:

#### *ARTIGO 2.—FEITO IMPOÑIBLE*

Constitúe o feito impoñible da taxa a reserva ou utilización privativa e aproveitamento especial da vía pública con postos, barracas, casetas de venda, espectáculos ou atraccións, industrias ruantes ou ambulantes, ou para rodaxe cinematográfica.

Tamén será feito impoñible de acordo co artigo 22 e seguintes de Lei de Ordenación do Comercio Interior de Galicia e o disposto no Decreto de Ordenación da Venda Ambulante e Regulamento Municipal de Venda Ambulante, o depósito das mercancias cando fosen incautadas ou decomisadas polos axentes da Policía Local, por non reunir as condicións de venda, carecer de licenzas preceptivas o vendedor ou non se axuste as condicións da mesma, quedando depositadas en dependencias municipais ata que se subsanen as deficiencias ou xustifique a procedencia, en todo caso, quedarán un mínimo de oito días en depósito, debendo abonar previamente as taxas correspondentes para a devolución das mesmas.

O artigo 3 queda redactado como segue:

#### *ARTIGO 3.—SUXEITO PASIVO*

Son suxeitos pasivos da taxa regulada nesta ordenanza as persoas físicas e xurídicas, e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria no favor de quen se outorguen as licenzas, ou quen se beneficie do aproveitamento, se procedese sen a oportuna autorización.

No artigo 4 queda redactado como segue:

#### *ARTIGO 4.—RESPONSABLES.*

1.— Responderán solidariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas ás que se refiren os artigos 42 da Lei Xeral Tributaria.

2.— Serán responsables subsidiarios da débeda tributaria as persoas ou entidades que se recollen no artigo 43 da Lei Xeral Tributaria e co alcance que sinala dito artigo.

O artigo 7 queda redactado como segue:

#### *ARTIGO 7.—DEVENGO*

— Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír dende o momento de obter a correspondente licenza municipal ou dende que se realice o aproveitamento se non se tramitara a preceptiva licenza

— Nos servizos de retribución periódica, a taxa devéngase o 1 de Xaneiro de cada ano, e o período impositivo coincide co ano natural, agas cando se trate de supostos de inicio da utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local, en cuio caso abarcará desde a data da concesión da autorización municipal ata o remate do ano natural.

No caso de cese na utilización privativa ou aproveitamento especial as cotas serán prorrateables por trimestres naturais, computando no prorrateo aquel no que se produce o cese.

#### *ARTIGO 8.—LIQUIDACION E INGRESO*

O pago da taxa realizarase:

A) No caso dos vendedores ambulantes, serán incorporados a un Padrón fiscal, no que constará a actividade e superficie autorizada, e satisfarán a taxa semestralmente, por adiantado, con independencia de que ocupen ou non a superficie reservada segundo a licenza municipal.

As liquidacións posteriores á liquidación de alta, xunto cos prazos de ingreso, notificaranse colectivamente mediante anuncios publicados no Boletín Oficial da Provincia conforme ó art. 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

As cotas liquidadas e non aboadas en período voluntario de cobranza esixiranse mediante o procedemento de apremio, cun 20 por 100 de recargo.

Se a superficie ocupada fose maior que a concedida, polo Vixiante de Rendas formularase a oportuna denuncia. A penalización de tres denuncias por este aspecto dará lugar á revocación automática de licenza.

Nos supostos de ocupacións temporais os suxeitos pasivos están obrigados a aboar a autoliquidación da taxa resultante nas entidades bancarias debidamente autorizadas, o que se deberá acreditar no momento de presentar a correspondente solicitude

B) No artigo 10 queda redactado como segue:

#### *ARTIGO 10.—INFRACCIÓN E SANCIÓN*

En todo o relativo a calificación de infraccións tributarias así como das sancións que as mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 181 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

#### *ARTIGO 11.—NORMAS DE XESTION.*

1.—As cantidades esixibles con arranxo ás tarifas liquidaránse por cada aproveitamento autorizado, de xeito semestral anticipada e serán irreducibles por este período

2.—As persoas ou entidades interesadas na concesión de aproveitamento regulados nesta Ordenanza deberán solicitar previamente a correspondente licenza e formular declaración na que conste a dimensión do aproveitamento e os elementos a instalar, así como un plano detallado da superficie que se pretende ocupar e da súa situación no termo municipal. Antes da autorización ou concesión do aproveitamento, a persoa ou entidade interesada no aproveitamento aboará o importe da taxa en calidade de depósito previo.

No caso de denegarse as autorizacións, os interesados poderán solicitar a devolución da taxa ingresada en calidade de depósito previo

Unha vez autorizada ou concedida a licenza de aproveitamento entenderase prorrogada mentres non presente a declaración de baixa o interesado.

3.—Ademais, tratándose da concesión de aproveitamento para a venda ambulante, estarase ó disposto no correspondente Regulamento regulador e, de conformidade co RD 194/2001, de 26 de xullo, de ordenación da venda ambulante, estes aproveitamentos serán concedidos polo Concello trala oportuna solicitude e comprobación do cumprimento dos seguintes requisitos:

- a) Estar dado de alta e ó corrente no pagamento do imposto de actividades económicas.
- b) Estar dado de alta no réxime correspondente da Seguridade Social e ó corrente no pagamento das cotizacións a tal réxime.
- c) Estar inscrito no Rexistro de Comerciantes Ambulantes de Galicia e dispoñer do correspondente documento acreditativo.
- d) No caso de extranxeiros, acreditar o cumprimento da normativa específica vixente.
- e) Cumprir as condicións e requisitos esixidos pola normativa reguladora dos produtos que sexan obxecto de venda.

4.—Non se consentirá ningunha ocupación da vía pública ata que os interesados obteñan e aboen a licenza municipal correspondente.

5.—As autorizacións terán carácter persoal e non poderán ser cedidas nin subarrendadas a terceiros.O incumprimento deste mandato dará lugar á anulación da licenza, sen prexuício das contías que correspondan aboar polos interesados.

6.—Se algún concesionario dos autorizados aproveitase maior superficie da que lle foi adxudicada, satisfará o prezo pola devandita superficie establecidas incrementando a súa cuantía ca establecida no anexo 3.Do mesmo xeito toda ocupación de superficie non autorizada, satisfará a taxa incrementando o seu prezo co citado.

## A N E X O S

### PRIMERO. TARIFA

#### ANEXO 1.—RUAS E PRAZAS SITUADAS NO CENTRO URBAN.

A estrutura e a contía será a seguinte:

- Por cada medio metro cadrado de ocupación: 27,76 euros.
- Por cada metro cadrado de ocupación . 55,52 euros.
- Por cada 2 metros cadrados de ocupación: 111,03 euros.
- Por cada 3 metros cadrados de ocupación: 166,52 euros.
- Por cada 4 metros cadrados de ocupación: 222,05 euros
- Por cada 5 metros cadrados de ocupación : 286,85 euros.

#### ANEXO 2.—POSTOS DE TEMPADA CON PRODUCTOS AGRÍCOLAS, NOS ARREDORES E INTERIOR DA PRAZA DE ABASTOS

A estrutura e contía será a seguinte:

- Por cada ½ metro cadrado de ocupación: 16,33 euros.
- Por cada metro cadrado de ocupación : 32,69 euros.
- Por cada 2 metros cadrados de ocupación: 65,30 euros.
- Por cada 3 metros cadrados de ocupación: 97,94 euros.
- Por cada 4 metros cadrados de ocupación: 130,58 euros.
- Por cada 5 metros cadrados de ocupación: 163,24 euros

#### ANEXO 3.—APROVEITAMENTO POR MAIOR SUPERFICIE

- Por cada ½ metro cadrado de ocupación: 3,26 euros.
- Por cada metro cadrado de ocupación: 6,53 euros.
- Por cada 2 metros cadrados de ocupación: 13,05 euros.
- Por cada 3 metros cadrados de ocupación: 19,58 euros.
- Por cada 4 metros cadrados de ocupación: 25,08 euros.

#### ENGÁDESE UN ANEXO 5º

Rodaxes cinematográficos,espectáculos,atraccións e similares, pagarase unha cantidade fixa de 61,62 euros/día.

### ORDENANZA“FISCAL REGULADORA DA TAXA POR ACTIVIDADES DE SERVIZOS DE PRERRECOLLIDA, RECOLLIDA E TRATAMENTO DE LIXO”

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985,do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, en relación cos artigos 149 e seguintes, 137, e seguintes da Lei 5/97, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, de conformidade co